

A xustiza é inxusta co galego >>> **páxs. 2-3**

Para mellorarmos a calidade da nosa lingua >>> **páx. 4**

O galego é, tamén, para os agasallos >>> **páx. 7**

Un libro ilustrado achega 'O Tempo meteorolóxico' á cativada galega >>> **páx. 8**

Suplemento  
realizado  
pola Mesa pola  
Normalización  
Lingüística

**A MESA** POLA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

Quinta feira,  
24 de xaneiro  
de 2019  
Número 18



Garanten os bancos o dereito  
a usar o galego? >>> **páx. 5**



Unha aplicación para pór en valor o galego  
no comercio e sector servizos >>> **páx. 6**

# Hai xustiza para o galego?

A posibilidade de utilizar a lingua galega na administración de xustiza, ou a ausencia dela, afecta a dereitos fundamentais como o de defensa ou a tutela xudicial efectiva, que son vulnerados gravemente cando un proceso xudicial non se pode desenvolver na lingua propia, o que limita a actuación da parte galegofalante nas defensa dos seus intereses.

O pasado mes de novembro, o xulgado do penal núm. 2 de Lugo negouse a notificar unha sentenza en galego, incumprindo a Carta Europea das Linguas. A persoa afectada solicitou en dúas ocasións recibir na nosa lingua unha sentenza relacionada coa denuncia a un piquete informativo na folga xeral de 2010, ao que o xuíz respondeu que “non há lugar”, apoiándose no artigo 231 da Lei orgánica do poder xudicial e ignorando o artigo 9 da Carta europea das linguas, que como tratado internacional ratificado polo Estado español ten un rango superior á LOPX.

A Mesa dirixiuse ao Consello Xeral do Poder Xudicial, pedíndolle que lle advirta ao xuíz que está obrigado a cumprir os compromisos adoptados polo Estado en relación aos dereitos lingüísticos do cidadán afectado. A Mesa xa se ten pronunciado en diferentes ocasións a respecto deste artigo da LOPX, que se sitúa claramente fóra da Carta europea das linguas, promovida polo Consello de Europa e ratificada polo Estado en 2001.

A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias é un tratado internacional promovido polo Consello de Europa para garantir a normalidade das linguas minorizadas que o Estado español ratificou en 2001 no seu grao máximo.

Segundo a Carta, o Estado ten que garantir o uso pleno do galego nos territorios onde é oficial ou está protexido polo Estatuto en ámbitos como educación, xustiza, administración, relación sociais e económicas, cultura ou relacións transfronteirizas. No seu artigo 9, a Carta establece (a. en procesos penais) i. facilitar que os órganos xurisdiccionais, a petición dunha das partes, desenvolvan os procedementos nas linguas rexionais ou minoritarias; e/ou iv. producir, previa solicitude, os documentos relacionados cos procedementos legais nas linguas rexionais ou minoritarias pertinentes, se fose necesario, recorrendo ao uso de intérpretes e traducións que non supuxesen gastos adicionais para as persoas en cuestión.

Os expertos europeos teñen alertado en varias ocasións sobre as graves deficiencias na aplicación da Carta, tamén en relación á xustiza. Continúa sen haber garantías para o desenvolvemento da xustiza en galego: a xuíces, xuízas e fiscais non se lles require o coñecemento da lingua e a inexistencia de galego nos programas



informáticos sobrecarga e provoca atrasos ao funcionariado e á cidadanía que opta polo galego.

informáticos sobrecarga e provoca atrasos ao funcionariado e á cidadanía que opta polo galego.

## En detalle

A utilización do galego é unha opción voluntaria dos xuíces, fiscais, etc. (sempre que non se opoña ningunha das outras partes), incompatíbel na práctica co dereito dos cidadáns/cidadás a solicitar que o procedemento xudicial se desenvolva na súa lingua.

Nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, non se pregunta de oficio cal é a lingua habitual do cidadán ou cidadá para que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental. Mesmo cando o interesado ou interesada solicita abertamente o seu desexo de que





o procedemento e notificacións se tratan na súa lingua en moitas ocasións non se lle garante este dereito.

Na maioría das ocasións, aínda habendo unha solicitude expresa, os secretarios xudiciais néganse a lles facilitar aos interesados notificacións do proceso en galego. O propio Consello Xeral do Poder Xudicial ampara os secretarios xudiciais que se negan a facilitar sentenzas ou notificacións en galego e nega que exista este dereito cidadán.

Aínda existen impedimentos para conseguir tradución de sentenzas e no caso de conseguilas, sempre con meses de dilación desde que foi dada a versión orixinal en español, o que pode aparellar importantes problemas para quen a solicitar. Cómpre

sinalar que as audiencias provinciais, cuxos servizos lingüísticos realizan a tradución, non contaN con persoal de abondo que axilice o proceso de tradución.

Mais a escasa utilización do galego no ámbito da xustiza (as estimacións existentes indican que só o 5% das sentenzas son en galego) non se debe só á negativa ou á falta de competencia lingüística de grande parte dos membros do poder xudicial e Ministerio fiscal. Moitas veces é a propia administración a que dificulta este uso. Un claro exemplo é a aplicación informática de uso obrigado en todos os xulgados, Minerva No×29 que non

### O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL TEN A OBRIGA DE ADVIRTIR AO XUIZ EN RELACIÓN COS DEREITOS LINGÜÍSTICOS

permite o uso da lingua galega malia estar proporcionada pola Xunta, obrigando a quen quixer facer o seu traballo en galego a unha sobrecarga de máis do 40%, xa que ten que facer todo o proceso de forma manual e é a principal pexa que limita a vontade, se a houber, de utilización do galego nos xulgados para quen quixer.

#### Conclusión

A escolla persoal dun cidadán, dunha cidadá ou dun funcionario ou funcionaria de empregar a lingua galega supón sempre unha penalización ou sanción para este/a, que implica:

a) Unha dilación das causas para o cidadán/a, xa que a necesidade de tradución e intérpretes que imponen certos xuíces supón unha ralentización dos procesos.

b) Un duplo esforzo, pois para desempeñar o seu labor diario deberán asumir tamén un labor de tradución de lexislación, documentos e formularios, que require unha concienciación e voluntariedade que non todos están dispostos a sufrir.

Esta penalización permite constatar a evidente desigualdade perante o español, pois se optaren por este nin se causaría dilación nin sería necesario o sacrificio persoal, pois terían ao seu dispor e desde o primeiro momento a lexislación e formularios neste idioma.

**Presentación do relatorio sobre a situación do galego que o Comité de expertos do Consello de Europa terá en conta para a redacción do seu 5º informe de avaliación do cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias.**

# Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

## Outras construcións con pronomes posesivos

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Como norma xeral, a frase constituída por pronome posesivo + substantivo en galego debe ir precedida do artigo (“a miña casa”), máis unha característica peculiar, embora non exclusiva, do sistema lingüístico galego-portugués. A ausencia de artigo con nomes de parentesco (“miña nai”) xustifícase polo feito de expresaren unha individualidade única, excluindo outras, e tamén por os substantivos posuíren un trazo sémico de respecto. Por iso tamén non levan artigo outros substantivos precedidos de posesivo, como “miña ama” ou “Nosos Señor”.

O posesivo que non estiver a acompañar un substantivo xeralmente só poderá aparecer sen artigo cando for atributo (“Este libro é meu” / “Ese libro é o meu”); a presenza ou a ausencia do artigo ten repercusións semánticas e produce unha diferenza de determinación. Igual acontecerá se o atributo ou predicativo estiver constituído por posesivo + substantivo relacional humano (“Son meus veciños” / “Son os meus veciños”). Neste caso a forma articulada propicia necesariamente unha interpretación ecuacional para a cláusula en que funciona de atributo, e a non articulada presenta un valor predicativo; así se poden explicar tamén as diferenzas semánticas entre “É meu amigo” e “É o meu amigo”. No galego de hoxe conviven estes dous modelos con outro innovador que pospón o posesivo ao substantivo (“É amigo meu”), talvez produto da interferencia do español e por iso non recomendábel.

Á parte destes casos, o posesivo xerou en galego modernamente certas construcións ou usos peculiares que, sen teren presenza na lingua histórica, porén non ofrecen dúbida canto á súa autoctonía. Sería o caso da contracción “cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas” (“Deilles cadanseu reloxo”), onde “cada” é adxacente do pronome “un” en función nuclear

da frase. Xa que a súa xestación ten lugar no ámbito da fala espontánea e nun período histórico en que o galego estaba afastado dos usos cultos ou formalizados, tales formas talvez se deban manter nese ámbito, pois obedecen a fenómenos fonéticos propios dun rexistro coloquial e, por esa mesma vía, tamén se poderían formalizar outras contraccións populares como “\*pr'onha” (<para unha) ou “\*com'on” (<coma un), por exemplo, rexeitadas na norma culta a pesar de posuíren unha maior tradición literaria. Tal contracción “cadanseu(s), cadansúa(s)” non ten tradición na lingua escrita antiga ou moderna, a se producir o seu aparecemento nos textos literarios durante o século XX. De todos os xeitos, o feito de non parecer recomendábel para a linguaxe administrativa e para o rexistro culto non implica que deba ser rexeitada na oralidade, onde contribúe para o seu enriquecemento e expresividade.

Outra construción peculiar do pronome posesivo é “de + meu, teu, seu, noso, voso”, sempre inmovilizado no masculino singular, sen concordar co posuidor nin co obxecto posuído (“A señora ten casa de seu”). Foi denominado posesivo de propiedade plena ou exclusiva, aínda que parece máis acaída a denominación de posesivo enfático, e goza de toda a lexitimidade como fórmula

propia do sistema lingüístico galego-portugués que presenta unha especial expresividade como recurso enfatizador da propiedade, cada vez máis consagrado na lingua culta actual, tanto oral como escrita, onde posúe outros matices significativos (“É intelixente de seu”, “Casou cun parente de noso”, “A mazá caeu de seu”).

Por último, o relativo posesivo “cuxo” é un pronome introducido na norma recentemente e cuestionado con anterioridade; “cujo” era a forma do galego-portugués medieval e “\*cuio” é un castelanismo. Con certeza, o pronome “cuxo” do galego actual non se atesta na fala espontánea, mais tamén “cujo” no portugués e “cuyo” no español son formas pertencentes á lingua culta e fundamentalmente ao ámbito escrito. Do mesmo modo, o galego debe usar “cuxo” na lingua formal, onde torna útil e rendíbel. Nada, pois, de circunloquios e de inúteis exercicios de alteración da cláusula, por exemplo, para desa maneira evitarmos a utilización dunha forma totalmente lexítima e inclusivamente necesaria nalgúns contextos, sobre todo na precisa linguaxe xurídica e administrativa, onde con frecuencia torna imprescindible (“As persoas cuxa data de nacemento for anterior a 1970 deberán preencher o formulario que se achega”).



# Garanten os bancos o dereito a usar o galego?

Idiomas utilizados nas páxinas web das entidades bancarias en Galiza

Entidade	Idiomas da web
Abanca*	Castelán, galego
BBVA*	Castelán, catalán, inglés
Banca Caixa Geral*	Castelán
Banco Pastor*	Castelán
Banco Popular*	Castelán
Banco Sabadell	Castelán, catalán, inglés, alemán, francés, euskera, galego
Bankia*	Castelán, catalán, valenciano
CaixaBank*	Castelán, catalán, inglés, alemán, francés, euskera, valenciano, galego
Caixa Rural Galega*	Castelán, catalán, inglés, alemán, francés, euskera, portugués, galego**
Caja Rural Zamora*	Castelán
Evo Banco, S.A.*	Castelán
Ibercaja*	Castelán, inglés
Targobank*	Castelán, catalán, francés, galego**
Fiare	Castelán, catalán, euskera, italiano, galego
Triodos Bank	Castelán, catalán, euskera, galego**
Citibank	Castelán, inglés
Cofidis	Castelán
Deutsche Bank	Castelán, catalán, inglés
Kutxabank	Castelán, inglés, euskera
Openbank	Castelán, inglés
Banco Santander*	Castelán, catalán


\* Entidades titulares do convenio público da Xunta

\*\* Estas entidades só teñen dispoñible as linguas diferentes ao castelán na área reservada ao cliente/usuario

Uso das linguas por parte das entidades con maior número de clientes en Galiza

Entidade	Aplicación	Caixeiro
Abanca	Galego, castelán, inglés	Galego, castelán, inglés
Santander	Castelán	Castelán, inglés
Caixabank	Galego, castelán, catalán, euskera, inglés	Galego, castelán, catalán, euskera, inglés, francés, alemán
BBVA	Galego, castelán, catalán, euskera	Galego, castelán, catalán, euskera, inglés, francés, alemán
Caixa Rural Galega	Castelán	Castelán, inglés

Idiomas nas páxinas web das entidades bancarias (%)



O informe *O uso do galego nas páxinas web das entidades bancarias*, no que a Mesa analiza como empregan os bancos o galego nas súas páxinas web, aplicacións e caixeiros, conclúe que ningún banco garante o dereito da poboación galega a usar a súa lingua e que unicamente 4 das 14 “entidades financeiras colaboradoras” ás que as persoas usuarias deben acudir para realizar determinados trámites como obrigatorios e necesarios como o pagamento de taxas universitarias, sancións administrativas, diversas taxas por servizos públicos administrativos ou venda de bens, entre outros, ofrecen servizos web en galego.

“Cada día é mais habitual”, advirte Marcos Maceira, presidente da Mesa, “realizar as actividades bancarias mediante Internet, independentemente do grupo de idade. De forma que aos galegos e galegas impónselles a obriga de realizar os trámites obrigatorios e públicos en español sen opción en galego, a pesar de pagaren taxas e prezos á Xunta”. “Tan só o 33,33% das entidades garante o uso do galego na web, unha porcentaxe menor que o de linguas non oficiais como o inglés, que está presente nun 42% dos casos”, denuncia Elsa Quintas, vicepresidenta da Mesa e responsábel do Observatorio de Dereitos Lingüísticos.

O informe fai especial fincapé naquelas entidades que teñen un convenio público coa Xunta de Galiza e que, polo tanto, actúan como ferramenta e medio para realizar pagamentos de multas, taxas, bolsas, sancións e demais procedementos administrativos de obrigado cumprimento. Entre elas, Abanca, Banco Sabadell, Caixabank e Caixa Rural Galega contan cunha versión en galego nas súas páxinas web, mentres que BBVA, Banco Santander, Banco Pastor, Banco Popular, Bankia, Caja Rural Zamora, Ibercaja, Targobank e Banca Caixa Geral non ofrecen ningunha versión na lingua propia de Galiza. Abanca, Banco Sabadell e Caixa-bank ofrecen, tamén, a posibilidade de

usar o galego tanto nos caixeiros como na aplicación móbil, aspecto que non cumpre Caixa Rural Galega. “É especialmente preocupante”, indicou Quintas, “que nin o Banco Santander nin o BBVA traduzan a súa páxina web, xa que entre as dúas entidades suman o 40% das contas bancarias da Galiza, dando como resultado centos de miles de galegas e galegos que non poden xestionar as súas operacións económicas e financeiras en galego”. Ambas as dúas entidades teñen, porén, versión das súas web en catalán e, no caso do BBVA, en inglés.

“A posibilidade de desenvolvermos unha vida plena en galego é condición esencial para a normalización Lingüística, que a Xunta de Galiza ten o deber de impulsar e fomentar”, salientou Maceira. “Os poderes públicos galegos teñen a obriga de garantir o dereito a usar do galego, por iso, han de promulgarse medidas legais para a igualdade real e efectiva da nosa lingua como a proposición de lei, por iniciativa legislativa popular de Medidas para a garantía dos dereitos lingüísticos no ámbito socioeconómico que presentou no Parlamento de Galiza en 2017 a Mesa pola Normalización Lingüística”, recordou Quintas. Ademais, ha de contribuírse de xeito activo desde a administración pública e todo o sector público galego a asegurar a presenza da nosa lingua e dar exemplo ao facer convenios con bancos que garantan o exercicio do dereito elemental de empregar sempre a lingua propia no propio país. “Se a Xunta, os 315 concellos e as catro deputacións non son capaces con todos os millóns de euros que xestionan de conseguir que as entidades bancarias cumpran a legalidade en cuestións tan básicas, tan sinxelas e baratas, como as van facer cumprir outras cuestións máis complexas?”, inquiriu Maceira. “Se centos de entidades públicas con millóns de euros non conseguen que se respecten os nosos dereitos lingüísticos, teremos que ser miles de cidadáns con centos de euros quen o consigamos”, remarcou.

# Unha aplicación para pór en valor o galego no comercio e sector servizos



**M**arcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística; Celia Armas, directora de Abertos ao Galego; e o deputado de Cultura e Lingua da Deputación de Pontevedra, Xosé Leal, presentaron a aplicación móbil Abertos ao Galego, que quere pór en valor a presenza da lingua galega nos establecementos comerciais e de servizos. Esta aplicación será gratuíta e está dispoñíbel para terminais móbeis Android e IOS nas principais plataformas dixitais.

“Os establecementos que apostan polo galego fano dun xeito consciente, cunha aposta polo propio, pola calidade e pola proximidade”, salientou Leal. “Nós, desde a administra-

ción, podemos e debemos apoialos no noso día a día e animar outras persoas a faceren o mesmo”, apuntou. “A App Abertos ao galego quere apoiar este compromiso co propio, facendo visíbeis os centos de negocios abertos ao galego espallados por todo o país”, explicou Celia Armas.

O funcionamento da aplicación é sinxelo, intuitivo. Permite localizar os negocios tanto en modo mapa como en modo busca, filtrando tanto polo nome como por categorías. Cada persoa usuaria rexistrada pode puntuar, do 1 ao 5, o uso que se fai da lingua galega na atención oral, escrita e virtual de establecementos e comercios. Tamén se poden facer comentarios adicionais, para ampliar a precisión

da valoración. A App fica, ademais, aberta a novas incorporacións, que se poden cursar a través dun sinxelo formulario dixital.

Para Maceira, “a mellor proba de compromiso e responsabilidade co noso idioma é o seu uso normal”. “Como sociedade, alén de demandarmos compromiso e responsabilidade ao empresariado, cómpre que as consumidoras contribúan apoiando aqueles que emprestan servizos e produtos en galego”, afirmou. Esta nova App xorde co obxectivo de que o público valore e priorice o consumo e utilización de servizos proporcionados en establecementos lingüisticamente responsábeis.

A aplicación móbil forma parte

do proxecto Abertos ao Galego, que certifica o compromiso coa normalización da nosa lingua de empresas, comercios, asociacións e entidades de toda índole. Desde o cumprimento da lexislación lingüística e o establecemento de medidas concretas para o uso do galego, até o uso sistemático do galego tanto interna como externamente e a solicitude de información e documentación en galego a provedores e administracións, Abertos ao Galego acompaña e apoia aquelas entidades que apostan dun xeito consciente pola lingua propia amosándolle á cidadanía os seus esforzos e animando os consumidores e consumidoras a apoialas, escollendo os seus produtos ou servizos.

**Marcos Maceira, Xosé Leal e Celia Armas, na presentación da App Abertos ao galego.**



## O galego é, tamén, para os agasallos

Dez motivos polos que preferimos empresas que traballan en galego:

**1** Porque temos dereito a escoller, e quen escolle a nosa lingua tamén nos escolle a nós.

**2** Porque o galego nos identifica como cidadáns e cidadás no mundo. Prestixiar o galego é prestixiarmonos nós mesmas e nós mesmos.

**3** Porque recibiremos unha atención máis personalizada e próxima.

**4** Porque contribuiremos á creación e mantemento de postos de traballo no noso país. As empresas que poden atendernos en galego teñen no seu cadro de persoal traballadores e traballadoras galegas e galegos.

Apostar por estas empresas é apostar por crear postos de traballo na nosa terra.

**5** Porque estaremos apostando por empresas que asumen a súa responsabilidade social.

**6** Porque podemos apoiar empresarios e empresarias que fan un esforzo polo uso do galego.

**7** Porque dun xeito amábel e directo podemos facer máis polo noso idioma que moitas campañas de divulgación. Apoiando activamente as empresas que apostan polo galego estamos facendo moito por promovermos o galego no ámbito socioeconómico.

**8** Porque contribuiremos a que outras empresas usen o noso idioma de xeito normal. Apoiar a presenza do galego no ámbito socioeconómico dálle prestixio á lingua e ten efectos multiplicadores noutros ámbitos da vida social.

**9** Porque as empresas que usan o galego, interna e externamente, entenden que o noso idioma é un elemento positivo para a súa imaxe.

**10** Porque os produtos etiquetados en galego teñen tanta ou máis calidade que outros. A lingua galega é unha marca de orixe e a orixe galega dos produtos é un sinal de calidade, e en moitos casos de elaboración natural e artesanal.

## O apalpador

A Mesa publicou tamén na súa web, para libre descarga, unha carta ao Apalpador e unha unidade didáctica ilustradas por Óscar Villán cunha decena de actividades e xogos ao redor da figura mítica

do carboeiro que, segundo recolle a tradición, baixa das montañas as noites do 24 ou do 31 de decembro para apalpar a barriga das nenas e dos nenos e para deixarlles castañas e agasallos para gozar o ano novo.

Libros, discos, cadernos e elementos decorativos, xogos, roupa, complementos, experiencias, alimentos... Nas datas previas ao Nadal, a Mesa pola Normalización da Lingüística distribuíu un catálogo dixital e impreso cun cento de propostas de compras e agasallos de Nadal en galego, coa vontade de recoñecer as empresas que empregan con normalidade o galego no ámbito socioeconómico e recorda que "facendo presentes en galego como consumidoras e consumidores estamos a pór en valor a nosa lingua, a nosa cultura e tamén a nosa economía". "Todas as decisións que tomamos como consumidoras e consumidores teñen implicacións", recorda o presidente da Mesa, Marcos Maceira.



# Un libro ilustrado achega “O Tempo meteorolóxico” á cativada galega

A finais de ano chegou ás librarías do país *O tempo meteorolóxico*, un fermoso libro de pequeno formato ilustrado por Miguel Robledo para que a cativada identifique os fenómenos meteorolóxicos e o seu nome en galego.



Este título forma parte xunto con *O abecedario*, *As aves* e *Os peixes* e outra fauna mariña do proxecto didáctico que a Mesa dedica á educación infantil, proporcionando materiais en galego para nenas e nenos de 0 a 6 anos co obxectivo de potenciar o uso de vocabulario na nosa lingua nesta etapa. O libro está xa nas librarías do país e pódese mercar, tamén, na web da Mesa por 7,20 euros para persoas socias e 8,55 euros para público xeral.


O ilustrador do volume é Miguel Robledo (Ourense, 1970), que como autor de cómic colaborou con *La Voz de Galicia*, *Factoría K* e *El Jueves* e como ilustrador editorial ten obras

publicadas por Edicións Xerais, McGrawHill USA, Santillana Duende Bux e Eurisaces Editora. Na actualidade é director creativo de Punto e Coma. Tamén traballou no proxecto de serie de televisión 3D *O labirinto dos soños*, realizou tanto a arte conceptual e do storyboard de *Holy Night* e o concepto de animación e a preproducción de *Objetos perdidos*. Como docente, ofreceu cursos e obradoiros para a Universidade de Vigo, Espacio Creativo The Room e foi titor en formación en centros de traballo para a Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Fálde de Ourense.

A Mesa quere contribuír con esta liña de publicacións a suplir a escaseza de materiais

didácticos en galego para a etapa de 3 a 6 anos, fronte á grande cantidade de recursos existentes en castelán e en inglés, sobre a que alertou no Estudo sobre a educación infantil de Galiza de 3 a 6 anos. Curso 16/17, que se pode descargar no portal web da Mesa. Os poucos materiais didácticos que existen para esta etapa débense ao compromiso das e dos educadores e mais á iniciativa social ou privada e dalgúns concellos, sen que haxa respaldo e promoción por parte da Xunta, que se desentende de poñelos a disposición das escolas. Isto supón un agravio comparativo, posto que o profesorado que queira traballar na nosa lingua coa cativada ten que elaborar os seus propios materiais.

## Outros títulos da colección



### O abecedario

O proxecto didáctico para educación infantil da Mesa comezou con *O abecedario*, no que as ilustracións de Óscar Villán acompañaban cada unha das 23 letras do abecedario galego. Complementábase coa canción *O abecedario*, de Magín Blanco, e máis cunha proposta didáctica dispoñíbel para descarga.



### As aves

Carlos Silvar foi o encargado de ilustrar o nome das 30 aves galegas máis comúns no segundo volume da colección, *As aves*, que se complementou coa canción de Magín Blanco *Voa paxariño*.



### Peixes

Para provocar interese polo mundo dos peixes, crustáceos, moluscos e outra fauna mariña nas nenas e nenos naceu *Peixes e outra fauna mariña*, con 30 ilustracións de Tokio, que se complementou coa canción de Magín Blanco *Peixiños do mar*.